

POLA RETIRADA DO PROXECTO DE LEI PARA O FOMENTO DOS PLANS DE PENSIÓNS PRIVADOS DE EMPREGO.

***Un proxecto que empobrece as pensións públicas
e abre a porta a súa privatización.***

Valoración conxunta de plataformas e movementos de pensionistas dos diferentes Ppbos e Comunidades do Estado:

23/03/2022

O pasado 22 de febreiro o Goberno, en Consello de Ministros, deu luz verde ao **Proxecto de Lei para o impulso dos Plans de Pensións de Emprego**, que pasou ás Cortes para a súa tramitación parlamentaria.

Preténdese unha extensión máis ampla que a actual destes plans privados complementarios de pensións, impulsada, mais non avalada desde a administración do Estado e a través da negociación colectiva sectorial, cuxa xestión se entregará posteriormente a entidades financeiras, aseguradoras privadas e aos mesmos “axentes sociais” que asinarán os convenios colectivos e que formarán parte tamén da Comisión de control.

Para iso contempla que, **entre toda a cidadanía teremos que custear a súa posta en marcha con achegas iniciais públicas**, incrementando as desgravacións fiscais e con descontos ás empresas nas cotizacións á Seguridade Social, de até de 400 € anuais.

Esta medida, supoñerá **debilitar o noso Sistema Público de Pensións de repartición e de solidariedade interxeracional e interterritorial**, un sistema que garante unhas prestacións mínimas para todas as persoas traballadoras e supón un elemento de equilibrio das desigualdades sociais nos anos da xubilación.

Entregarase unha parte das achegas sociais, a un sistema privado individualista de capitalización, que cubrirá só ás persoas que na súa vida laboral puideron facer achegas, e deixará fóra a amplas capas de poboación máis desfavorecidas, con empregos en sectores máis precarizados ou empobrecidos, as mulleres moi especialmente.

Os plans privados de emprego ou empresa que hai funcionando desde hai anos, demostraron unha **gran incerteza e a súa escasa rendibilidade**, por estar sometidos aos vaivéns dos mercados financeiros nos que se invisten; de aí, o estancamento na súa subscripción nos últimos anos.

Con todo, véndesenos o atractivo de que se conseguirá un complemento á pensión pública, ocultando que ao descontar da base de cotización as achegas que se fagan a estes plans de emprego, **a pensión pública será menor no momento de calculala para a xubilación.**

Demostrouse que o Sistema Público de Pensións (SPP) é sostible, sempre que non se lle cargue con “gastos impropios”, que non lle corresponde soportar. Pero este proxecto de lei pon en risco a sustentabilidade do sistema público ao diminuír os seus ingresos reducindo as cotizacións.

Os supostos beneficios da previsión social complementaria que se pretende impulsar, teñen no Sistema Público moitas máis garantías, e **os recursos públicos que se van a destinar a impulsar estes fondos de pensións, estarían mellor empregados en reforzar e mellorar o Sistema Público** de repartición conseguindo resultados socialmente máis xustos.

Estes plans de pensións de emprego, que **non garanten a recuperación do investimento e aínda menos a súa rendibilidade,** supoñerán o inicio da privatización do Sistema Público de Pensións, debilitándoo e poñéndoo en perigo, beneficiando unicamente ás grandes entidades financeiras privadas, que verán aumentar o seu negocio en miles de millóns de euros.

Un Proxecto de Lei desta importancia NON debe ser tramitado con carácter de urxencia, xa que require un debate social onde se conte a verdade á cidadanía, sen ameazas, chantaxes nin urxencias parlamentarias.

Despois da nefasta reforma das pensións do pasado decembro 2021, co engano do “IPC medio” que xa supuxo un severo empobrecemento das pensións e ameaza con novos e graves recortes, o actual Goberno cos ministros Escrivá e Calviño á cabeza, pretende converter o dereito ás pensións dignas (Art. 50 da Constitución Española) nun negocio privado.

Por todo iso esiximos do Goberno **a retirada deste Proxecto de Lei,** e aos partidos políticos con representación parlamentaria, que soliciten ao Goberno a retirada do citado Proxecto de Lei, ou en caso contrario que non o apoiem para que non poida ser implementado.

ASJUBI40

COESPE

EHPM-MPEH

MADPP

MODEPEN

Unidad-COESPE

Plataformas de Pensionistas de Badajoz, Móstoles